



ALG

**EXPEDIENTE NÚM.:** 2018/ABSIOBRAS/000015.

**ASUNTO:** VALORACION CRITERIOS SOMETIDOS A XUICIO DE VALOR, OFERTAS PARA A OBRA DE "ILUMINACION ORNAMENTAL NA PONTE DAS CORRENTES, PONTE DOS TIRANTES E PONTE PEONIL DA ILLA DAS ESCULTURAS".

**INFORME:**

Na documentación a presentar solicítábase dous documentos, un referido aos equipos que o licitador se comprometía a instalar e un plan de obra e instalación.

Os tres licitadores que presentaron oferta, COVSA, E.C. CASAS e SETGA unha vez comparados os ofertados cos exixidos no prego de condicións técnicas e o proxecto, compre indicar que todos eles igualan ou superan as características do prego e proxecto, polo que non se exclúe a ningún por dito motivo.

Respecto do Plan de obra e instalación indicar que:

Os aspectos a valorar no presente informe son os correspondentes a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, referidos ao Plan de obra e instalación ata un máximo de quince (15) puntos. Todo elo segundo se describe no prego de condicións, estando formado polos seguintes subapartados:

- a) Melloras na seguridade para as persoas e bens (ata 8 puntos)
  - a1) Programa de instalación de luminarias - 5 puntos
  - a2) Outras - 3 puntos
- b) Desenvolvemento do programa de traballo e implantación da infraestrutura eléctrica e de iluminación, e sistema de control (ata 2 puntos)
  - b1) Contido do programa de instalación respecto ao Proxecto - 1 punto
  - b2) Desenvolvemento da infraestrutura eléctrica e de iluminación e sistema de control - 1 punto
- c) Mellor garantía da mobilidade e tránsito (ata 3 puntos)
  - c1) Mantemento dos usos propios das pontes durante a execución das obras - 1 punto
  - c2) Acopios - 1 punto
  - c3) Medidas para recuperar o uso completo das pontes en eventos sinalados - 1 punto
- d) Preservación dos acopios (ata 2 puntos)

A continuación indícase a puntuación obtida por cada unha das empresas trala análise das ofertas e posteriormente a xustificación de ditas puntuacións. Adxúntase cadro resumo coas puntuacións outorgadas a cada empresa:

CRITERIOS\EMPRESA	COVSA	E.C. CASAS	SETGA
PLAN DE OBRA E INSTALACION			
a.1. Programa de instalacion de luminarias (5)	3,0	3,0	4,0
a.2. Outras (3)	1,5	2,0	2,0
b.1. Programa instalacion VS Proyecto (1)	1,0	0,5	1,0
b.2. Desenvolvemento infraestrutura electrica (1)	1,0	0,5	1,0
c.1. Mantemento uso propio puentes (1)	0,5	0,5	1,0
c.2. Acopios (1)	0,0	0,5	1,0
c.3. Uso das pontes en eventos (1)	0,5	0,0	1,0
d. Preservacion dos acopios (2)	0,5	0,5	1,5
<b>TOTAL</b>	<b>8,0</b>	<b>7,5</b>	<b>12,5</b>



ALG

---

A puntuación final resultante polos criterios sometidos a xuízo de valor resulta:

- COVSA: 8,0 puntos
- E. C. CASAS : 7,5 puntos
- SETGA : 12,5 puntos

Indicar que as tres empresas superan o límite establecido no prego, un mínimo de 5 puntos no total deste apartado e así como a metade de puntos propostos nos apartados referidos a seguridade.

Seguidamente procedese a xustificar a valoración realizada polo técnico que subscribe.

As tres empresas que aportan documentación, presentan unha memoria técnica xustificativa do *Plan de obra e instalación* no cal recollen con maior ou menor desenvolvemento e aplicación as circunstancias concretas da obra os apartados de *Melloras na seguridade para persoas e bens, Desenvolvemento do programa de traballo e implantación da infraestrutura eléctrica e de iluminación e sistema de control, Mellor garantía da mobilidade e tránsito, así como Preservación dos acopios*.

As puntuacións outorgadas en canto ao *Plan de obra e instalación* xustificanse da seguinte maneira:

#### COVSA

Presenta unha memoria técnica no cal o Plan de obra e instalación de instalación está adaptado a presente obra nalgunha das súas partes.

- a1) *Programa de instalación de luminarias*: adaptado parcialmente a presente obra, outorgándose neste primer subapartado 3,0 puntos.
- a2) *Outras*: No segundo subapartado referido a outras medidas de seguridade incluídos os acopios, establécense de xeito xenerico polo que se outorgan 1,5 puntos.

No referido ao desenvolvemento do programa de traballo e implantación da infraestrutura eléctrica e de iluminación, e sistema de control

- b1) *Contido do programa de instalación respecto ao Proxecto*: aparece desenvolto adaptado ao proxecto, outorgándose neste primer subapartado 1,0 puntos.
- b2) *Desvolvemento da infraestrutura eléctrica e de iluminación e sistema de control*: No segundo subapartado, tanto a infraestrutura eléctrica como o sistema de control proposto adaptase a presente obra polo que se outorgan 1,0 puntos.

En canto a garantía da mobilidade e tránsito

- c1) *Mantemento dos usos propios das pontes durante a execución das obras*: outórganse 0,5 puntos ao incluírse medidas neste senso, se ben dun xeito xenerico.
- c2) *Acopios*: Non se aprecian medidas ao respecto polo que a puntuación é 0,0 puntos.
- c3) *Medidas para recuperar o uso das pontes en eventos sinalados*: outórganse 0,5 puntos ao incluírse medidas neste senso, se ben dun xeito xenerico.

Presevación dos acopios

- d) Outórganse 0,5 puntos xa que ven contemplado na documentación aínda que dun modo xenérico.

Total puntos COVSA: 8,0.

#### E.C. CASAS

Presenta unha memoria técnica no cal o Plan de obra e instalación de instalación está adaptado a presente.

- a1) *Programa de instalación de luminarias*: adaptado parcialmente a presente obra, outorgándose neste primer subapartado 3,0 puntos.





ALG

a2) *Outras*: propon varias medidas entre as que se inclúen a seguridade ante o risco eléctrico durante a execución da obra se ben estas medidas son de tipo xénerico polo que se outorgan 2,00 puntos.

No referido ao desenvolvemento do programa de traballo e implantación da infraestrutura eléctrica e de iluminación, e sistema de control

b1) *Contido do programa de instalación respecto ao Proxecto*: aparece desenvolto adaptado ao proxecto, anque con pouco detalle outorgándose neste primer subapartado 0,5 puntos.

b2) *Desenvolvemento da infraestrutura eléctrica e de iluminación e sistema de control*: describese a infraestrutura eléctrica pero non á de control polo que se outorgan 0,5 puntos.

En canto a garantía da mobilidade e tránsito

c1) *Mantemento dos usos propios das pontes durante a execución das obras*: outórganse 0,5 puntos ao incluírse medidas neste senso, se ben dun xeito xénerico.

c2) *Acopios*: outórganse 0,5 puntos ao incluírse medidas neste senso, se ben dun xeito xénerico

c3) *Medidas para recuperar o uso das pontes en eventos sinalados*: Non se aprecian medidas ao respecto polo que a puntuación é 0,0 puntos.

Presevación dos acopios

d) Outórganse 0,5 puntos xa que ven contemplado na documentación aínda que dun modo xenérico.

Total puntos E. C. CASAS: 7,5.

#### SETGA

Presenta unha memoria técnica no cal o Plan de obra e instalación é en xeral moi completo e adaptado a realidade da obra, incluíndo uns planos descriptivos.

a1) *Programa de instalación de luminarias*: aparece desglosado tal coma se indica no prego, especificado para cada ponte e con descripción completa das medidas de seguridade para cada un, outórganse neste primer subapartado 4,0 puntos.

a2) *Outras*: No segundo subapartado referido a outras medidas de seguridade incluídos os acopios, propon varias medidas se ben máis orientadas aos acopios que o risco eléctrico polo que se outorgan 2,0 puntos.

No referido ao desenvolvemento do programa de traballo e implantación da infraestrutura eléctrica e de iluminación, e sistema de control

b1) *Contido do programa de instalación respecto ao Proxecto*: aparece desenvolto con medidas específicas da obra, non moi extenso pero si moi adaptado ao proxecto, outórganse neste primer subapartado 1,0 puntos.

b2) *Desenvolvemento da infraestrutura eléctrica e de iluminación e sistema de control*: describese a infraestrutura eléctrica e tamén á de control, está última con detalle, polo que se outorgan 1,0 puntos.

En canto a garantía da mobilidade

c1) *Mantemento dos usos propios das pontes durante a execución das obras*: se propoñen medidas para cada unha das pontes e se inclúen documentación técnico-gráfica (planos) moi completa destas medidas polo que se outorgan 1,0 puntos.

c2) *Acopios*: Ao igual que no anterior as propostas son específicas e tamén se inclúen planos polo que a puntuación é 1,0 puntos.

c3) *Medidas para recuperar o uso das pontes en eventos sinalados*: outórganse 1,0 puntos ao proporse dun xeito xenérico pero cunha recuperación total do uso das pontes nos eventos.

Presevación dos acopios

d) Outórganse 1,5 puntos xa que se propon copiar os acopios nas súas instalacións





ALG

---

trasladando a obra únicamente o material necesario, estando o resto do tempo no almacén propio da empresa situado a unha distancia relativamente pequena (<10 km) das obras, considerándose unha boa solución de cara a preservación dos acopios. Ademais indican que o procesado de ditos elementos se fará conforme os seus procesos adaptados a xestión da calidade describindo o proceso.

Total puntos SETGA: 12,5.

Por todo o anteriormente exposto, a oferta máis ventaxosa trala puntuación outorgada nos criterios sometidos a xuízo de valor corresponde a empresa SETGA cun total de doce (12,5) puntos.

O que traslado aos oportunos efectos e para que se prosiga co trámite que proceda.

